





Por que a marca EXPERTCOOP



A marca de excelencia en asesoría cooperativa EXPERTCOOP é impulsada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop en colaboración cun grupo de cooperativas socias pertencentes ao ámbito asesor e consultor.

Créase para dotar e comunicar o prestixio, calidade e solvencia dos servizos de xestión e asesoramento que se prestan ás empresas cooperativas e da economía social, un modelo empresarial que conta con particularidades e especificidades non sempre coñecidas e polo tanto non incluídas na súa atención.

A falta de especialización nesta materia na meirande parte das asesorías e consultorías, a consideración que algúns sectores e profesionais teñen dela como unha “fórmula menor”, ou os prexuízos que existen á hora de recomendar esta fórmula empresarial en procesos de emprendemento ou en transformacións empresariais son algunhas das motivacións para o impulso desta marca.

Calquera cooperativa do ámbito asesor e consultor podería solicitar o uso da marca se cumpre os requisitos, formando así tamén parte dun grupo relacional e de traballo neste campo, aproveitando as virtudes da intercooperación tan propia das cooperativas e da economía social.



Quen pode ter a marca

Cooperativas Asesorías e Consultoras que cumpran os requisitos da marca e acepten as súas condicións



Ponte en contacto coa Unión : info@espazo.coop – 981 57 55 78

Serás remitida a un **formulario de adhesión** dende a web de EspazoCoop

Conformarase unha comisión, formada pola responsable da sectorial de Asesorías e Consultoras do Consellor Reitor, unha persoa do equipo técnico de EspazoCoop, e unha persoa dunha das cooperativas promotoras da Marca ExpertCoop, que aprobará a entrada da solicitude recibida.

Como adherirse a **EXPERTCOOP**

ESPECIFICIDADES

- **Especialización** laboral, fiscal, contable, xurídica
- **Pertenza** a Unión de Cooperativas EspazoCoop e a sectorial de Asesorías e Consultorías
- Ser cooperativa que cumpre os **requirimentos legais cooperativos** (porcentaxe asalariados-as, obrigas legais e de depósito, etc) e de **asesoramento** (colexiación, etc).

EXPERIENCIA

- Experiencia da cooperativa e dalgunha das persoas socias en xestión cooperativa nas distintas áreas non excluínte: laboral, fiscal, contable, xurídica. **Mínimo 2 anos de experiencia laboral, nos últimos 5 anos**
- Número de cooperativas e/ou entidades da ES asesoradas. Cando menos contar con **unha ES asesorada-cliente estable durante 2 anos, nos últimos 5 anos**

COÑECEMENTO

- **Formación acreditada*** das persoas socias e/ou traballadoras en xestión cooperativa, responsables das áreas non excluíntes: laboral, fiscal, contable, xurídica. **Mínimo de 20 horas por persoa** socia e/ou traballadora (responsables de área) **nos últimos 5 anos.**
*(*da Unión de Cooperativas EspazoCoop, Rede Eusumo, COCETA, outra formación acreditada en xestión cooperativa)*
- **Publicacións, xornadas ou traballos** relacionados co sector cooperativo en áreas de coñecemento relacionadas. (Establecerase un baremo de equivalencia coa formación acreditada, de tal xeito que poida substituír ou complementar á mesma, tomando como base a acreditación de AECA para o **Experto Contable Acreditado**)



Mantenemento e seguimento da marca

EXPERTCOOP Asesorías



Reciclaxe mínimo anual recomendable:

Acreditación de formación cooperativa en xestión cooperativa

(15 horas anuais dalgunha das persoas socias da cooperativa nos últimos 4 anos)

Grao de satisfacción das cooperativas e/ou entidades da ES clientas/asesoradas e cumprimento do requisitos da marca:

As asesorías e consultoras cooperativas someteranse ao **control da satisfacción cada 4 anos** das cooperativas clientes e do cumprimento para seguir tendo o selo da marca EXPERTCOOP, mediante enquisa a desenvolver pola entidade acreditadora deseñada ao efecto.

Tamén quedará habilitado no espazo web un canal de “boa praxis”, onde se poderán canalizar suxerencias, queixas, boas prácticas, etc das entidades da marca.



IMAXE DA MARCA

ASESORAMENTO EXPERTO PARA COOPERATIVAS



ASESORAMENTO EXPERTO PARA COOPERATIVAS

CONTABLE

FISCAL

LABORAL

XURÍDICO











Cooperativas promotoras da marca EXPERTCOOP



Aseores &
Consultores

